

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

RECOLLERANO O 24 DE MAIO

Mini e Mero, merecido Pedrón de Ouro

A fundación salienta o traballo que Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias veñen realizando dende 1972 para recuperar e transmitir o patrimonio oral.

Redacción - 13:15 17/04/2009

Xosé Luís Rivas e Baldomero Igrexas, máis coñecidos como Mini e Mero, veñen de ser distinguidos co premio Pedrón de Ouro 2009 polos esforzos e o traballo que realizan dende hai 36 anos para recuperar e transmitir o patrimonio oral de Galiza. Así mesmo, a Fundación do Pedrón de Ouro outorgou o Pedrón de Honra 2009 á filóloga rumana Mariana Ploae-Hanganu, polo seu "labor de difusión" da lingua e literatura galegas no seu país.

Tanto Mini e Mero como Mariana Ploae-Hangagu recibirán os seus respectivos premios o 24 de maio, nun acto literario que se celebrará ás 12:30 horas na Casa Museo de Rosalía, en Padrón.

Formaron parte da formación orixinal de Fuxan os Ventos, que abandonaron en 1982 para formar A Quenlla. Dende 1972 veñen traballando na recuperación de cancións populares e do patrimonio oral galego. Este labor de recuperación foi especialmente fendo nas comarcas da Terra Cha, de onde proceden, nas zonas de Boimorto e Mesía, onde son mestres e residen, e na zona da montaña lucense. Para difundir este patrimonio de todos recollido durante décadas Mini e Mero manteñen un proxecto de colaboración co Museo do Pobo Galego, que permitirá acceder a unha completa base de datos dentro dun ano. É coñecido o seu compromiso e activismo con multitude de causas, tanto a defensa da lingua galega, a recuperación da memoria histórica ou a protección do medio natural; este compromiso lévaos a participar en actos organizados por todo tipo de asociacións e colectivos, por pequenos que sexan.

Novas relacionadas

- [Xusto Beramendi e Xosé Lois García, Pedrón de Ouro e de Honra](#)
- [Río Barja recolle o Pedrón de Ouro](#)
- [A Aula Castelao de Filosofía recibe o Pedrón de Ouro 2006](#)
- [Xosé Manuel Beiras, Pedrón de Ouro 2005](#)
- [Nunca Máis recibe o Pedrón de Ouro](#)